



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

# INFORME SOBRE AFILIACIÓN S Á SEGURIDADE SOCIAL

**Afiliación s medias setembro 2020**

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2020

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## 1.- Información xeral

O número medio de afiliacións<sup>1</sup> ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de setembro do ano 2020 acadou a cifra de 1.011.799 para o total do sistema, o que supón unha diminución respecto ao pasado mes de agosto de 2020 de 995 afiliacións (-0,10%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 18.876.389, rexistrando unha subida do 0,45% con respecto ao pasado mes de agosto.

Na comparativa interanual (setembro de 2020 con setembro de 2019) obsérvase unha diminución de 17.748 afiliacións no total do sistema en Galicia (-1,72%) e unha diminución do 2,31% (447.062 afiliacións) no conxunto estatal.

Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de agosto de 2020, rexístrase unha subida das afiliacións en dez comunidades autónomas, destacando Castilla La Mancha e La Rioja (con taxas superiores ao 2,00%). En senso contrario, Illes Balears presenta a taxa máis negativa (por debaixo do -2,00%). En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior, rexístranse taxas negativas en quince das dezasete comunidades autónomas. O descenso máis acusado é o de Illes Balears (-13,00%), mentres que Murcia e Castilla La Mancha ascenden pero quedándose por debaixo do 0,50%.


Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA SETEMBRO 2020	VARIACIÓN			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
<b>España</b>	<b>18.876.389</b>	<b>84.013</b>	<b>0,45</b>	<b>-447.062</b>	<b>-2,31</b>
<b>Galicia</b>	<b>1.011.799</b>	<b>-995</b>	<b>-0,10</b>	<b>-17.748</b>	<b>-1,72</b>
Andalucía	3.039.193	11.289	0,37	-69.410	-2,23
Aragón	566.878	-4.851	-0,85	-10.783	-1,87
Asturias	359.016	-4.775	-1,31	-8.625	-2,35
Illes Balears	500.077	-13.258	-2,58	-74.712	-13,00
Canarias	772.083	6.749	0,88	-43.216	-5,30
Cantabria	218.131	-3.512	-1,58	-3.606	-1,63
Castilla La Mancha	720.601	16.166	2,29	2.800	0,39
Castilla y León	916.471	3.932	0,43	-16.395	-1,76
Cataluña	3.352.732	11.106	0,33	-107.197	-3,10
Comunitat Valenciana	1.867.367	15.764	0,85	-18.920	-1,00
Extremadura	396.952	-89	-0,02	-3.416	-0,85
Madrid	3.166.067	36.114	1,15	-58.255	-1,81
Murcia	582.315	-1.715	-0,29	2.692	0,46
Navarra	286.595	2.055	0,72	-2.229	-0,77
País Vasco	945.935	7.349	0,78	-15.647	-1,63
La Rioja	129.354	2.688	2,12	-998	-0,77
Ceuta e Melilla	44.824	-6	-0,01	-1.396	-3,02

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

1

O Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social dende o informe de agosto de 2008 tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

## 2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social diminuíu con respecto ao mesmo mes do ano pasado en todas as provincias galegas. A Coruña é a provincia que presenta a maior caída nas afiliacións cunha taxa de variación interanual do -2,10%, o que supón 9.210 afiliacións menos, seguida de Lugo (-2,00%), Ourense (-1,53%) e, por último, Pontevedra (-1,23%).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de setembro con respecto ás do mes de agosto de 2020, rexistrouse en Galicia unha baixada do 0,10%. Todas as provincias, agás Ourense (0,38%), amosan datos negativos sendo Lugo a que máis decrece (-0,64%).

**Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS**

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA SETEMBRO 2020	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	429.307	-489	-0,11	-9.210	-2,10
LUGO	122.047	-788	-0,64	-2.496	-2,00
OURENSE	102.969	390	0,38	-1.599	-1,53
PONTEVEDRA	357.476	-108	-0,03	-4.443	-1,23
<b>GALICIA</b>	<b>1.011.799</b>	<b>-995</b>	<b>-0,10</b>	<b>-17.748</b>	<b>-1,72</b>
<b>ESPAÑA</b>	<b>18.876.389</b>	<b>84.013</b>	<b>0,45</b>	<b>-447.062</b>	<b>-2,31</b>


Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

### 3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 77,4% das afiliacións galegas en setembro de 2020, diminuíron un 0,10% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase unha diminución do 1,86%. En España estas taxas foron do 0,55% con respecto a agosto de 2020 e do -2,75% en relación ao mes de setembro de 2019. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (71,4%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos todas as provincias galegas amosan taxas de variación interanuais negativas. O descenso medio da comunidade galega sitúase entón no -1,08%. Para este réxime e con respecto ao mes de agosto de 2020, baixan todas as provincias resultando para o conxunto de Galicia unha taxa do -0,17%. As taxas nacionais para este réxime presentan unha baixada interanual (-0,08%) e unha subida intermensual (0,01%).

No que respecta ao réxime especial do mar, con respecto a setembro de 2019, rexístranse baixadas en todas as provincias, destacando a que se produce en Pontevedra (-4,10%). A taxa galega acaba entón o -3,16%, superando á de España (-5,80%). Con respecto a agosto de 2020, atopamos a taxa máis positiva en A Coruña (4,56%) e a máis negativa en Lugo (-2,28%). A taxa galega amosa un aumento do 0,65% con respecto a agosto de 2020. A taxa nacional é do -2,19%.




Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

**Cadro 3.- AFILIACIÓN POR RÉXIMES E PROVINCIAS**

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN SETEMBRO 2020	VARIACIÓN RELATIVAS	
		MES ANTERIOR	INTERANUAL
<b>TOTAL SISTEMA</b>			
A CORUÑA	429.307	-0,11	-2,10
LUGO	122.047	-0,64	-2,00
OURENSE	102.969	0,38	-1,53
PONTEVEDRA	357.476	-0,03	-1,23
GALICIA	1.011.799	-0,10	-1,72
ESPAÑA	18.876.389	0,45	-2,31
<b>R. XERAL</b>			
A CORUÑA	338.928	-0,19	-2,33
LUGO	87.160	-0,79	-2,10
OURENSE	79.610	0,54	-1,58
PONTEVEDRA	277.112	0,05	-1,27
GALICIA	782.811	-0,10	-1,86
ESPAÑA	15.547.532	0,55	-2,75
<b>R. ESPECIAL AUTÓNOMOS</b>			
A CORUÑA	84.462	-0,13	-1,22
LUGO	33.355	-0,18	-1,79
OURENSE	23.359	-0,16	-1,35
PONTEVEDRA	67.045	-0,23	-0,44
GALICIA	208.221	-0,17	-1,08
ESPAÑA	3.263.553	0,01	-0,08
<b>R. ESPECIAL DO MAR</b>			
A CORUÑA	5.916	4,56	-1,51
LUGO	1.532	-2,28	-1,12
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	13.319	-0,66	-4,10
GALICIA	20.766	0,65	-3,16
ESPAÑA	64.126	-2,19	-5,80

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

#### 4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

## 5.- Expediente de Regulación Temporal de Empleo (ERTE)

Por último, debemos sinalar que dentro do total de afiliados a día 30 de setembro en Galicia, había 18.581 que se atopaban en situación de ERTE por forza maior, 3.569 menos que a día 31 de agosto (-16,11%) e 131.660 menos fronte ao máximo, rexistrado o 30 de abril (-87,63%). No total de España, o número de afectados por un ERTE por forza maior no último día de setembro é de 605.861, producíndose unha saída de 57.795 afectados intermensual (-8,71%) e de 2.468.601 respecto ao peche de abril (-80,29%).

**Cadro 4.- EVOLUCIÓN DOS ERTE POR FORZA MAIOR POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS**

CCAA	AFECTADOS A ÚLTIMO DÍA DE SEPTIEMBRE 2020	VARIACIONES			
		ÚLTIMO DÍA DE AGOSTO		ÚLTIMO DÍA DE ABRIL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
<b>España</b>	<b>605.861</b>	<b>-57.795</b>	<b>-8,71</b>	<b>-2.468.601</b>	<b>-80,29</b>
<b>Galicia</b>	<b>18.581</b>	<b>-3.569</b>	<b>-16,11</b>	<b>-131.660</b>	<b>-87,63</b>
Andalucía	74.334	-8.577	-10,34	-371.790	-83,34
Aragón	10.400	-2.075	-16,63	-66.116	-86,41
Asturias	6.279	-1.154	-15,53	-46.856	-88,18
Illes Balears	64.141	11.184	21,12	-71.744	-52,80
Canarias	78.456	353	0,45	-142.174	-64,44
Cantabria	3.227	-366	-10,19	-28.345	-89,78
Castilla La Mancha	13.147	-2.481	-15,88	-80.424	-85,95
Castilla y León	16.738	-2.867	-14,62	-115.469	-87,34
Cataluña	117.735	-18.022	-13,28	-486.570	-80,52
Comunitat Valenciana	44.179	-6.009	-11,97	-255.554	-85,26
Extremadura	4.964	-943	-15,96	-32.181	-86,64
Madrid	119.379	-17.361	-12,70	-389.669	-76,55
Murcia	9.069	-1.869	-17,09	-65.555	-87,85
Navarra	3.896	-842	-17,77	-42.001	-91,51
País Vasco	17.482	-2.510	-12,56	-120.513	-87,33
La Rioja	2.497	-478	-16,07	-17.719	-87,65
Ceuta e Melilla	1.357	-209	-13,35	-4.261	-75,85

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

En canto a situación en Galicia, Pontevedra é a provincia onde máis se reducen o número de afiliados nestes expedientes no último mes (-18,39%), o que supón unha caída de 1.375 traballadores. Dende máximos, a maior baixada tamén ten lugar en Pontevedra (-89,17%), con 50.239 persoas menos.

**Cadro 5.- EVOLUCIÓN DOS ERTE POR FORZA MAIOR. GALICIA E PROVINCIAS**

PROVINCIAS	AFECTADOS A ÚLTIMO DÍA DE SEPTIEMBRE 2020	VARIACIONES			
		ÚLTIMO DÍA DE AGOSTO		ÚLTIMO DÍA DE ABRIL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	8.544	-1.427	-14,31	-54.803	-86,51
LUGO	1.960	-354	-15,30	-12.592	-86,53
OURENSE	1.976	-413	-17,29	-14.026	-87,65
PONTEVEDRA	6.101	-1.375	-18,39	-50.239	-89,17
<b>GALICIA</b>	<b>18.581</b>	<b>-3.569</b>	<b>-16,11</b>	<b>-131.660</b>	<b>-87,63</b>

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

## Notas metodolóxicas

**Traballadores afiliados:** a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á “Tesorería General de la Seguridad Social” e ao “Instituto Social de la Marina”. A explotación é efectuada pola “Gerencia de Informática de la Seguridad Social”.

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.empleo.gob.es>